

ANUNCIO RESOLUCIÓN SOBRE A CONCESIÓN DUNHA BOLSA DE FORMACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN MATERIA DE POLÍTICAS E PROGRAMAS EUROPEOS NO ÁMBITO DA INNOVACIÓN E DA INVESTIGACIÓN CONVOCADA POLA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA (2024).

En relación coa convocatoria dunha bolsa de formación para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da Innovación e da Investigación, convocadas pola FGE por resolución do 29 de maio de 2024 (DOG núm. 110, do 7 de xuño 2024), e á vista da proposta de resolución realizada polo órgano instructor.

RESOLVO

Primeiro.- Conceder a bolsa de formación á candidata que obtivo a maior puntuación no conxunto das probas, Teresa Sequeiro Ponce (****1541M), cunha puntuación total de 26,30750 puntos.

Segundo.- O inicio estimado do comezo da bolsa será o 1 de setembro de 2024.

Terceiro.- Segundo o establecido no artigo 16.1 das bases reguladoras, se durante o desenvolvemento das prácticas se produce algunha vacante ou renuncia por parte das persoas beneficiarias, procederáse á cobertura desta seguindo a orde establecida na seguinte listaxe de suplentes en función da puntuación obtida.

Apelidos e nome	DNI	Puntuación proceso (1ª+2ª fase)
Touceda Jiménez, Maite	****0769X	22,59800
De Santiago Alonso, Alejandra	****9495P	20,66000
Fernández Richer, Ana	****0594E	7,00000







Cuarto.- Esta resolución non pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 66.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que xulgue pertinente. Transcorrido este prazo sen terse presentado o dito recurso, esta resolución adquirirá firmeza na vía administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director da Fundación Galicia Europa

Jesús Gamallo Aller

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA
Rúa do Hórreo 61
15701 Santiago de Compostela
T. +34 981 54 10 12
santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu

 [@FGaliciaEuropa](https://www.linkedin.com/company/fundacion-galicia-europa)
[in.com/fundación-galicia-europa](https://www.linkedin.com/company/fundacion-galicia-europa)
 [fundaciongaliciaeuropa.eu](https://www.fundaciongaliciaeuropa.eu)

